

PROCEDEMENTO: CT404E Subvencións á modernización e xestión sustentable das infraestruturas das artes escénicas e musicais.

ASUNTO: Resolución de reaxuste de anualidades da subvención concedida

EXPEDIENTE: CT404E/2024/2/08

#### ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

- En data 21 de marzo de 2024, DOG núm. 58, publicouse a Resolución do 7 de marzo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións á modernización e xestión sustentable das infraestruturas das artes escénicas e musicais, ao abeiro dos fondos de NextGenerationEU e do Mecanismo de recuperación e resiliencia do Regulamento (UE) 2021/241, e se convocan para o ano 2024 (Código de procedemento CT404E).
- Ao abeiro desta convocatoria, o día 19 de abril do 2024, o Concello de Arteixo, con NIF P1500500B, presenta unha solicitude de subvención por un importe de 40.000 euros para financiar o proxecto: "modernización do auditorio do climatización do centro cívico de Arteixo", dando lugar á apertura do expediente CT404E/2024/2/08.
- O día 3 de xullo do 2024 a Presidencia do Consello Reitor de Agadic dita a resolución de concesión de axuda ao Concello de Arteixo polo importe de 40.000 €; distribuído en dúas anualidades:

Anualidade 2024	15.000 €
Anualidade 2025	25.000 €

- O día 5 de agosto de 2024 o Concello de Arteixo presenta no rexistro electrónico da Xunta de Galicia unha solicitude de reaxuste de anualidades da subvención concedida para o cambio de climatización do centro cívico cultural de Arteixo Manuel Murgía debido a que a



inversión que se pretende realizar atopase suxeita a un procedemento aberto de Contratación consonte a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e o ritmo de execución presupuestaria vai a ser distinto ao establecido na resolución de concesión como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. E competente para a resolución da modificación solicitada, o Presidente de Agadic e do seu Consello Reitor, de conformidade co disposto nos artigos 14, 16 e 17 do Decreto 150/2012, do 12 de xullo polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais.
2. Segundo o artigo 21.5 das bases reguladoras: "O acto polo cal se acorda ou se denegue a modificación da resolución será ditado polo presidente da Axencia Galega das Industrias Culturais, despois da instrución do correspondente expediente, no cal se dará audiencia ao interesado. A autorización da modificación deberá realizarse de forma expresa e notificaráselle ao interesado."
3. Segundo o artigo 21.2 das bases reguladoras: "*Cando xurdan circunstancias concretas que alteren as condicións técnicas ou económicas tidas en conta para a concesión da axuda, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión por parte do órgano concedente*".
4. O artigo 21.3 das bases reguladoras da subvención indica que se poderá acordar a modificación da resolución de concesión por instancia da persoa beneficiada se se cumpren os seguintes requisitos:

*"a) Que a modificación sexa autorizada expresamente polo órgano concedente;*

*b) Que a modificación non afecte aos obxectivos perseguidos coa axuda, aos seus aspectos fundamentais ou fosen determinantes para a concesión da axuda, á determinación da persoa beneficiaria, nin dane dereitos de terceiros ;*

*c) Que as modificación obedezan a causas sobrevidas que non puideron preverse no*



*momento da solicitude. Os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de teren concurrido na concesión inicial, non poderían supor a denegación da subvención, nin poderán ser tidos en conta requisitos ou circunstancias que, debendo concorrer no momento en que se ditou a resolución, tivesen lugar con posterioridade a ela.”*

5. Unha vez comprobado que o Concello de Arteixo, cumpre con todos os requisitos esixidos do artigo 21.3 das bases reguladoras para posibilitar a autorización da modificación da resolución de concesión, e comprobada que non afecta aos obxectivos perseguidos da subvención, que non altera os seus aspectos determinantes tanto da axuda como do beneficiario, nin do importe total concedido e que non prexudica os dereitos e intereses de terceiros, conforme ao establecido nos artigos 26 e 27 do decreto 11/2009, de 8 de enero, polo que se aproba o Regulamento de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de subvencións de Galicia.

6. Este reaxuste de anualidades do Concello de Arteixo é posible debido a existencia de crédito suficiente na anualidade do ano 2025.

## Resolvo

1.- Conceder o Concello de Arteixo, con NIF P1500500B á reasignación das anualidades da subvención concedida, de acordo co disposto no seguinte cadro

EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	SUBVENCIÓN CONCEDIDA	REAXUSTES DAS ANUALIDADES		
				Anualidade 2024	Anualidade 2025	TOTAL
CT404E/ 2024/2/08	Concello de Arteixo	P1500500B	40.000 €	3.993 €	36.0007 €	40.000 €

2.- Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, consonte á Lei 4/2008 do 23 de maio, de Creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e a Lei 9/2007, de subvencións



de Galicia, e contra dela poderase interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

- a) Recurso potestativo de reposición ante o presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais O prazo para interpor o recurso de reposición será dun mes, se o acto fose expreso ou desde o día seguinte a aquel en que se tivera producido o acto presunto. Transcorrido o dito prazo, unicamente se poderá interpor recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, de ser o caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión. Se o acto non fose expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.
- b) Recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Notifíquese á resolución a entidade interesada, de conformidade co establecido na Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O Presidente do Consello Reitor da Agadic

José Carlos López Campos

Asinado por: SUTIL NESTA, JACOBLO LUIS  
Cargo: Director da Agadic  
Data e hora: 23/09/2024 13:39:17

